

# Centro de Innovación e Transformación Agraria da Limia



## Centro de Innovación e Transformación Agraria da Limia

### ANTECEDENTES:

O Concello de Vilar de Santos ven empregando a parcela nº 1.283 do polígono 4 da Concentración parcelaria de Vilar de Santos- Sandiás con fins didácticos desde o ano 1999. Inicialmente como lugar de ensaio de novos cultivos de interese para a zona pero, despois de que a finca servise como campo de prácticas para os alumnos do Obradoiro de Emprego "Agrolimia I" e dado que estes realizaron actuacións de mellora como: plantación de especies aromáticas, instalación do invernadoiro, construción dun pozo para regadío, etc., decidiuse que o



lugar podía ser empregado como "Aula de Natureza" que complementase as actividades que estaba a realizar o Museo da Limia, emprazado no mesmo municipio.

Durante os anos 2006 e 2007, e grazas ó financiamento do programa *Prisma Miliaria de AGADER*, construíuse na mesma finca o **CENTRO DE INNOVACIÓN E TRASFORMACIÓN AGRARIA DA LIMIA**; co apoio da Consellería de Traballo e as 12 alumnas do módulo de Horticultura do Obradoiro de Emprego "Agrolimia II" completouse o percorrido agrobotánico con novas plantacións e axardinamento; todas estas actuacións dan lugar á aparición dun espazo didáctico, innovador e produtivo no que os agricultores da Limia poderán encontrar unha referencia e apoio para a creación de MICROEMPRESAS de transformación agraria.

## OBXECTIVOS DO CENTRO:

- Investigar distintas liñas de transformación agraria na Comarca da Limia
  - Formar ós agricultores e agricultoras da comarca nos procesos de transformación
  - Incentivar, apoiar e asesorar aos emprendedores na creación de microempresas de transformación
  - Divulgar entre a poboación en xeral a existencia do centro para fomentar o consumo de produtos transformados
  - Ofrecer aos estudantes e profesionais un lugar de experimentación
  - Crear unha microempresa de transformación agraria con mulleres da zona
-

# Centro de Innovación e Transformación Agraria da Limia

## AREAS DE TRABALLO:

- **I+D+I:**

Este centro nace con vocación de Investigar, Desenvolver e Innovar no campo da transformación agraria e, con este fin, o Concello ven implementando distintas actividades, especialmente con **mozos e mulleres**, coa pretensión de que esta actividade se amplíe coa incorporación de xoves profesionais



- **Formación:**

Desde a posta en marcha deste proxecto, téñense desenvolvido numerosas accións de formación dirixidas tanto a agricultores como a profesionais do sector; agora preténdese que o centro desenvolva un programa estable formativo dirixido a tódolos niveis: **AGRICULTORES, ESTUDANTES E PROFESIONAIS**, co obxectivo de chegar a ser un centro de referencia non só na comarca, senon en todo o país.



- **Divulgación:**

Para o centro constitúe un obxectivo fundamental a divulgación dos traballos realizados tanto entre os máis novos como entre a poboación en xeral, xa que só así conseguirá atraer cara ó traballo neste campo a novos emprendedores. Con este fin, o centro abrirá as súas portas para acoller visitas organizadas de escolares e visitantes. Asemade o Centro acudirá a tódolos eventos relacionados coa transformación agraria que se desenvolvan na nosa zona e fomentará a celebración de novos actos.



## SERVIZOS E PRODUCTOS QUE SE OFERTARIAN

- AREA DE I+D+I

*Experimentación para a fabricación de:*

- Produtos naturais de cosmética
- Produtos naturais vexetais en conserva.

- AREA DE FORMACIÓN:

- Cursos para agricultores sobre: Transformación, novos cultivos ...
  - Cursos para estudantes sobre innovación agraria.
  - Cursos e seminarios para outras empresas de transformación galegas ou profesionais do sector.
-

- AREA DE DIVULGACION:

- Visitas guiadas á finca e ó Centro de Innovación
- Pequenos obradoiros didácticos sobre cultivo
- Pequenos obradoiros de conservas
- Pequenos obradoiros de cosmética
- Estancias no albergue de Vilar de Santos que inclúan actividades na finca
- Estancias no albergue de Vilar de Santos que inclúan curso de conservas
- Estancias no albergue de Vilar de Santos que inclúan curso de cosmética
- Asistencia a feiras e outros eventos do sector.



## PERSOAL NECESARIO

Posto e perfil	Xornada
1 Director/a técnico	Completa
3 Operarias formadas en transformación	media
Formadores/as especializados	Por curso
1 Guía didáctico	Por actividade

## SERVIZOS E COLABORACIONES EXTERNAS

ACTIVIDADE	DURACION
Colaboración con universidade	Por proxecto
Con centros de investigación AGRARIA	Permanente
Extension agraria	Permanente
CFPPA de Florac Francia	Permanente